

Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego

07-Marzo

- *Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Real Decreto 115/2022, de 8 de febreiro, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*
- *Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.*

I. USO DA MÁSCARA NA PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO DE ÁMBITO AUTONÓMICO.

a. Protocolos aplicables.

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

b. Utilización da máscara en espazos pechados.

Na realización de adestramentos e na celebración de competicións **en espazos pechados** dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

A este respecto, para a excepción do uso da máscara durante o desenvolvemento da actividade deportiva, os respectivos protocolos deberán de recoller medidas alternativas de protección e prevención. Deste xeito, o uso da máscara poderá exceptuarse para os deportistas maiores de 5 anos, cando os organizadores exixan nos Protocolos medidas alternativas de protección que deberán de ser comunicadas, xunto coa solicitude de visado do Protocolo, á Secretaría Xeral para o Deporte.

c. Utilización da máscara en espazos abertos.

Na realización de adestramentos e na celebración de competicións **en espazos abertos** dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica non é obrigatorio o uso da máscara.

A este respecto, deberán adaptarse os respectivos protocolos á normativa vixente.

II. ENTRADA EN VIGOR

As medidas previstas terán efectos desde as 00.00 horas do día 07 de marzo de 2022.